

Ferrol

FERROLÁNS NO SEU RINCÓN | ANTÓN CORTIZAS

«Para quererlle a Ferrol é necesario comprender o que é esta cidade»

Autor dalgúns dos máis fermosos libros para nenos escritos en lingua galega, volve residir no Canido da súa infancia e di que non bota de menos ningún outro lugar

O SEU PERFIL

Nome: Antón Cortizas.

Idade: 53 anos.

Profesión: Escritor e mestre.

Actualmente desenvolve o seu labor docente no Centro de Formación e Recursos do Profesorado (Cefore)

Elixe como rincón da cidade o

Baluarte de Canido, porque di que ese é para el un lugar cheo de recordos. «Aquí xogabamos cando era neno (conta Cortizas), e cando despois se destrizou todo isto, que eu vía como un auténtico castelo cheo de segredos, para min foi un golpe tremendo».

Ramón Loureiro

FERROL | Débeselle en boa parte a Antón Cortizas a moi fértil contribución ferrolá á literatura galega para nenos. El, como a tamén ferrolá Ánxela Loureiro (e como os lucenses Agustín Fernández Paz e Xavier Docampo, os dous Premios Nacionais), compaxinou desde moi novo o seu labor nas aulas con iso ao que se lle deu chamar narrativa infantil, e que en realidade é o que se escribe non só para quen ten moi poucos anos, senón realmente o que pode ser lido por calquera persoa, con independencia da idade que teña. O autor de *Onde o sol non adormece* viviu varios anos en Lisboa, pero di que non bota esa cidade de menos. «Non, nin esa nin ningunha outra —comenta Cortizas—. En Lisboa paseino moi ben, os anos que estiven alí foron unha experiencia moi enriquecedora e hoxe en Portugal



«Nós fomos nenos que pasabamos o día na rúa...», lembra Antón Cortizas no baluarte do seu Canido | MARCOS CREO

teño moitísimos amigos. Pero estou ben aquí, que é onde quero estar. Gústame Ferrol, que é unha cidade moi cómoda para vivir, un lugar moi habitable, aínda que tamén é certo que para quererlle a Ferrol é necesario comprender o que é esta cidade». Gústalle especialmente Canido, o seu barrio, onde conserva «amigos de toda a vida, como Pepe Varela», e onde foi fermentando esa materia dos sonhos da que a literatura está feita. «¡Canido é a savia que alimenta o meu corpo...!», di

Antón sorrindo. «Aquí están os escenarios das miñas fantasías, uns escenarios que en case todos os casos xa só permanecen en pé nas lembranzas».

Do rural e do urbano

Dóelle ao escritor que o Canido dos seus anos de neno «xa non exista, case». Lamenta sobremaneira que aquel barrio que «era á vez, aínda que pareza unha contradición, rural e urbano» se vaia enchendo de torres de vivendas mentres desaparecen a arquitectura tradicio-

nal e os espazos onde a xente convivía, tecendo lazos que xa tiñan máis de vínculos de familia que de mera amizade. «Nós fomos nenos que pasabamos o día na rúa, que non volvíamos á casa ata que se achegaba a noite e nos chamaban», recorda. Tamén Cortizas cre, coma Rilke, que a infancia foi unha patria. E así, deixándose levar polos recordos, regresa co pensamento, lembrando en voz alta, aquel pasado no que o seu pai «tiña unha forxa na casa» e el, co ferro e co carbón, xogaba.